

VALCÁRCEL, XESÚS

Vid. López Valcárcel, Xesús Manuel

VALCÁRCEL, XULIO L.

Vid. López Valcárcel, Xulio

VALCÁRCEL LÓPEZ, ANTONIO

(Ourense, 1887; Madrid, 1963). Poeta coetáneo dos membros da Xeración Nós*, é autor dunha obra bilingüe continuadora das formas de finais do século XIX. Na Universidade de Santiago de Compostela cursou Dereito, Ciencias Exactas e Filosofía e Letras, doutorándose en Dereito Mercantil, Economía e Estatística. Foi secretario da Cámara de Comercio da Coruña e do Consello Superior de Cámaras. En 1918 presentou a súa candidatura ás Cortes polas Irmandades da Fala. *Poesías* (1917), con maioría de poemas en galego, é un exemplo paradigmático da obra que, atinxindo unha óptima recepción no seu momento por parte dos sectores máis involutivos, logo quedará relegada ás marxes epigonais. Xa antes de saír á rúa, *El Eco de Santiago* anunciaba a súa publicación conceptualíndoa como a reactualizadora da liña lírica esmorecida dende *Follas novas**. E o seu primeiro prologuista, Marcelo Macías (tamén contén un limiar de Iglesias Rouira*), tras expoñer unha reaccionaria concepción da poesía, recorre parte do libro vestíndoo de encomiadores adxectivos, reproducidos aínda en 1935 por CF. Sen embargo, o seu intimismo relativamente contido non pode considerarse máis que decimonónico. Na contraportada de *Poesías* adiantase a próxima saída da obra do autor *Da fontenla cristalíña*, da que non temos noticia. Si publicou, no mesmo 1917, a conferencia *O municipio galego*.

BIBLIOGRAFÍA


Vid. FR, GEG

VALCÁRCEL LÓPEZ, MARCOS

(Ourense, 1958). Investigador e articulista, ten desenvolto unha ampla actividade como animador cultural e crítico literario prestando especial atención ó papel desempeñado pola prensa galega a través da súa historia. Licenciado en Xeografía e Historia, é profesor de Lingua e Literatura Galegas nun instituto da súa cidade natal. Participou activamente nas directivas das agrupacións culturais O Eixo de Santiago, Auriense de Ourense e do Cine-clube Padre Feijoo da mesma cidade. Na actualidade é presidente do Club Cultural Alexandre Bóveda de Ourense. Ademais de colaborar asiduamente en numerosos xornais e revistas, publicou *A prensa en Ourense e a súa provincia* (1987), catalogación e estudio pormenorizado da prensa ourensá. Por outra parte ocupárase da edición de *Dos anos de agitación política. Basilio Álvarez no Parlamento* (1991), e foi coautor (con Xosé Ramón Quintana) de *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento* (1988). Finalmente, participou, coas colaboracións “Apuntamentos para unha bibliografía sobre a historia da prensa en Galicia” e “As revistas en galego (1975-1991), a difícil supervivencia” no *Informe da comunicación en Galicia* (1993).

VALCÁRCEL OCAMPO, XAVIER

(Lugo, ¿-?; A Coruña, 1922). Adicouse á poesía no período de depresión finisecular, deixando unhas poucas composicións, todas elas de moi escaso interese e plenamente epigonais. Oficial primeiro no Goberno Civil da Coruña, colaborou dende moi novo na prensa e revistas literarias da época. Foi redactor de *Galicia Recreativa*, *Diario de Pontevedra* e *El Ideal gallego*. En castelán cultivou os tres grandes xéneros literarios, principalmente o dramático. *Flores de espino* (1900), colección bilingüe, presenta unha “Segunda parte” con



DICCIONARIO
DA
LITERATURA GALEGA

I

Autores

